

Estimad@s alumn@s e familiares:

Ante a información de carácter ambiguo que se nos achega e as dúbidas que xorden nos fogares, véxome na obriga de aclarar que ... O feito de non seren as actividades propostas de cumprida obriga non exime da súa valoración positiva, xa que o **interese** e máis o **esforzo** é o que máis se estima para a avaliación desta materia.

As **actividades** foron programadas e deseñadas para facer cada quince días e por este motivo están divididas en partes e entregadas por quendas. Pretenden ser un repaso do traballado na aula, que nos sirva como reforzo no proceso de aprendizaxe e que, a pesares destes tempos difíciles, nos permita **seguir crecendo** mentres nos formamos. Cos exercicios de ampliación non estamos a facer máis que o estipulado para o final do 2º trimestre que non foi posible rematar de maneira presencial.

Segundo as novas instrucións en Educación Primaria, para avaliación final haberá que facer unha media das notas do 1º e o 2º trimestre e valorar o traballo realizado no presente, aínda que nunca negativamente e axudando, na medida do posible, a ter un mellor **entendemento e comprensión**.

Esta programación procura sempre a **formación integral** dos discentes como persoas e pretende a dignificación da Educación Musical e da cultura, asumindo o labor de abordar todas as disciplinas e fomentando o respecto e a igualdade.

É importante salientar que cando esta delicada situación se libere, os alumn@s sen os recursos necesarios para realizar as tarefas propostas dende marzo até o final, terán a **opción de entregar o material** no centro para a súa corrección.

Ánimo a tod@s e grazas pola implicación!

Atentamente e á vosa disposición

Edu Paradela

